

Representantes municipais de Cabo Verde coñecen iniciativas de desenvolvemento local

- O alcalde e un concelleiro de Tarrafal percorreren ata o 31 de marzo unha decena de concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
- Este intercambio de experiencias no ámbito da agricultura, a gandería e a pesca encádrase nun proxecto a catro anos apoiado pola AECID

Nigrán, 24 de marzo de 2025. O alcalde do municipio caboverdiano do Tarrafal, José dos Reis, e o concelleiro Osvaldo Chantre percorreren desde hoxe e ata o vindeiro luns unha decena de concellos socios do [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) para coñecer boas prácticas no ámbito da agricultura, a gandería e a pesca. A visita encádrase no proxecto '**Apoio ao Desenvolvemento Económico Local do Municipio do Tarrafal**', impulsado polo Fondo Galego e cofinanciado pola Agencia Española de Cooperación Internacional al Desarrollo (AECID), a través da Confederación de Fondos de Cooperación y Solidaridad.

O proxecto botou a andar en 2024, cando a axente de emprego e desenvolvemento local de Brión, Lola Landeira, e a xefa de brigada de incendios de Nigrán, Carla Pérez, se desprazaron ao Tarrafal co programa de cooperación técnica [Especialistas en Cooperar](#) para **identificar as necesidades e potencialidades** da zona, como punto de partida para unha colaboración a catro anos. Tamén o alcalde de Nigrán e presidente do Fondo Galego, Juan González, visitou a localidade, e apostou por financiar con recursos municipais un sistema de microirrigación, dados os problemas de seca, para que **24 familias cultiven alimentos**.

A axenda da delegación caboverdiana iniciouse precisamente esta mañá cunha recepción institucional no Concello de **Nigrán**, onde ambos os dous rexedores se comprometeron a formalizar un irmandamento. Os convidados tamén se achegaron ao parque forestal Os Matos-Río Táboas e a unha fábrica de cervexa artesanal. Xa pola tarde, ás 16 horas, serán recibidos polo alcalde das **Neves** e tesoureiro do Fondo Galego, José Manuel Alfonso, alén de coñecer a produción de mel. Mañá martes, estarán nos concellos de **Brión** e **Boiro** para visitar hortas, un centro de transformación de conservas vexetais, unha cetárea de mariscos e unha empresa de subministros para a pesca e a acuicultura.

O mércores, 26 de marzo, José dos Reis e Osvaldo Chantre presentarán o proxecto de apoio ao desenvolvemento local do Tarrafal na Asemblea Xeral do Fondo Galego, que se celebrará ás 11 horas no Centro Cultural Marcos Valcárcel, exercendo a **Deputación de Ourense** como anfitrioa. Pola tarde desprazaranse a unha granxa en **Pantón**, mentres que o xoves coñecerán unha cooperativa de horta ecolóxica en **Oza-Cesuras**.

A xornada do venres desenvolverase no Concello da **Laracha**, con visitas a unha granxa e a unha planta de envasado e mais encontros con asociacións. Os representantes municipais de Cabo Verde irán o sábado a **Salceda de Caselas** para coñecer unha produtora cárnica e tamén o labor da Asociación Veciñal, Agrícola e Cultural San Tomé de Parderrubias. A axenda pecharase o luns 31 no Concello de **Burela**, onde se reunirán coa confraría e con armadores, ademais de achegarse ata o barco-museo boniteiro.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 115 concellos e as catro deputacións de Galicia, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur Global e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. **Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega**, o Fondo Galego vai cumprir 28 anos tendo apoiado uns 200 proxectos en máis de trinta países e promovendo numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur e a Axenda 2030.

AXENDA

24/03 Luns

10:00h Concello de Nigrán. Cociña escolar, parque forestal, fábrica de cervexa artesanal.

16:00h Concello das Neves. Producción de mel.

25/03 Martes

09:30h Concello de Brión. Centro de transformación de conservas vexetais, hortas.

16:00h Concello de Boiro. Cetárea Ángel Mar, factoría JJChicolino.

26/03 Mércores

11:00h Deputación de Ourense (Centro Cultural Marcos Valcárcel). Asemblea Xeral.

16:00h Concello de Pantón. Granxa extensiva.

27/03 Xoves

10:00h Cooperativa Labrecos (Oza-Cesuras).

28/03 Venres

10:30h Concello da Laracha. Granxa O Rosal, asociacións A Terriña e/ou Horta do Noroeste, envasado.

29/03 Sábado

16:00h Cárnica O Labrego (Salceda de Caselas)

31/03 Luns

11:00h Concello de Burela. Confraría de Pescadores, ABSA, barco-museo boniteiro.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 604 040 890

comunicacion@fondogalego.gal

Oficina Técnica do Fondo Galego

Tel. 698 144 536

www.fondogalego.gal